



CELEBRACIÓN LITÚRXICA DA TRASLACIÓN DO APÓSTOLO SANTIAGO

Catedral de Santiago, martes 30 de decembro de 2025

Desenvolvemento da cerimonia

Ás 11.40 h., na Porta do Tesouro, iníciase a procesión do Excmo. Cabido polo interior da catedral portando a imaxe do Apóstolo Santiago, relicario coñecido como Santiago Coquatrix (trátase dunha ofrenda ao Apóstolo do parisiense Geoffroy Coquatrix, importante personaxe da corte francesa da época e que estaba emparentado con varios monarcas. Foi realizado cara a 1321, nos talleres de pratería da corte, en ouro, prata dourada e esmaltes. Consérvase actualmente na capela das Reliquias). Durante a procesión cántase *Astro refulgente* (na versión de Antonio Suárez Carneiro, cóengo emérito da catedral), alternado coa tradicional *Marcha das chirimías* (Anónimo) que interpreta un grupo de ministriles do Centro Superior de Música de Galicia.

A procesión discorre polas naves laterais e a xirola, ata chegar ao transepto norte (nave de Acibechería), onde se detén o cortexo, mentres funciona o Botafumeiro e soa o Himno do Apóstolo Santiago.

A continuación, retómase a procesión pola nave lateral, ata o Pórtico da Gloria. Chegados alí, detense o cortexo e os portadores da imaxe víranse cara ao Excmo. Sr. Arcebispo, para escoitar o motete Dum Pater Familias, do Códice Calixtino (século XII), en honra do Apóstolo Santiago, cantado pola Escolanía. Finalizado o motete, entóase o “Gloria Patri”, e soa o órgano (*Festival march*, de Percy Eastman Fletcher), mentres a procesión encamiñase cara ao Altar Maior para comezar a Misa Estacional.

Ao chegar á altura do transepto, os portadores da imaxe do Apóstolo sitúanse ao carón, mentres os compoñentes da procesión van pasando de dous en dous perante ela e fanlle reverencia, dirixíndose logo cara ao altar. Feita a xenuflexión, bican o altar e diríxense aos lugares que teñen reservados no presbiterio ou nos laterais do transepto. As autoridades e o Delegado Rexio, acompañado pola Comisión Capitular, ocupan os lugares preparados para eles.

Cando o Excmo. Sr. Arcebispo sitúase na sede continúa a MISA ESTACIONAL NA FESTIVIDADE DA TRASLACIÓN DO APÓSTOLO SANTIAGO conforme ao seguinte esquema:

Monición

Kirie e Gloria, da *Misa de VII tono*, de Manuel Cella (obra de encargo para la Peregrinación Europea de Jóvenes del Año Santo 2010).

Oración colecta

Liturxia da Palabra

Monición

Lecturas da festa do Apóstolo Santiago:

- 1ª lectura: Hch 4, 33; 5, 12. 27-33; 12, 2. El rey Herodes hizo pasar a cuchillo a Santiago.
- Salmo responsorial. Sal 66. Oh Dios, que te alaben los pueblos (música de Luis Elizalde).
- 2ª lectura: 2Co 4, 7-15. Levamos no corpo a morte de Xesús.
- Aclamación: *Aleluia* (música de Isauro García Ramos) e Motete xacobeo (*Astro brillante de España*).

- Evanxeo: Mt 20, 20-28 (O meu cáliz beberédelo).
- Final do *Aleluia*

Despois do canto, o Delegado Rexio, acompañado pola Comisión Capitular, dende o mesmo lugar no que está situado, comeza a súa *Invocación-Ofrenda*, á que responde inmediatamente o Sr. Arcebispo coa súa *Resposta-Homilía*. Todos permanecen en pé durante a Invocación do Oferente, e sentados durante a Homilía.

Credo

Liturxia Eucarística

Presentación das ofrendas. Soa o órgano (*Ofertorio sobre Adestes fideles*, de Fernando Buide)

Incensación

Prefacio de Santiago e canto do “*Sanctus*” (*Misa de VII tono*, de Manuel Cela.

Obra de encargo para la Peregrinación Europea de Jóvenes del Año Santo 2010)

Plegaria Eucarística

Rito da Comunión

Noso Pai

Canto do “*Agnus Dei*” (*Misa de VII tono*, de Manuel Cela. Obra de encargo para la Peregrinación Europea de Jóvenes del Año Santo 2010)

Comuñón. Cantos: *Adestes Fideles* e *Puer natus in Bethlehem*.

Oración despois da Comunión

Bendición do Sr. Arcebispo

Despedida (Órgano: *Salida sobre Dum Pater Familias*, de Fernando Buide)

A continuación, o Pincerna abre o Cortexo Litúrxico, polo mesmo orde que na procesión de entrada, e o Delegado Rexio e as autoridades en último lugar, acompañados pola Comisión Capitular.

Ao chegar ao Pórtico da Gloria, o Excmo. Sr. Arcebispo despide ao Oferente e ás autoridades e se encamiña á Sala Capitular, para finalizar a celebración.

Canónigo Prefecto de Cerimonias: D. Elisardo Temperán Villaverde.

Monitor: D. José Fernández Lago, cóengo lectoral.

Música

Grupo de ministriles do Centro Superior de Música de Galicia

Escolanía da Catedral / Voces graves do Coro Cardeal Quiroga

Cantora solista: Andrea Torrado

Salmista: María Brión

Organistas: Adrián Regueiro e Fernando Buide

Cuarteto de metais del Centro Superior de Música de Galicia

Directora: Sofía Rodríguez